



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

1 / 2

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 14/10/2013 12:36:56

ENTRADA 22562 / RX 782209



Sr. Conselleiro

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e
Infraestruturas

Xunta de Galicia

Serafin González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

Que segundo información publicada en <http://revistareyesdebogota.wordpress.com/2013/09/17/rogelio-fernandez-diaz-xunta-de-galicia/>: "Don Rogelio Fernández Díaz, "Subdirector Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade", de la "Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas" de la Xunta de Galicia ha visitado el Centro Cultural y Educativo Español Reyes Católicos, de la Embajada de España en Colombia... acompañado por representantes de la empresa española EOSA,... impartiendo el Conversatorio "Espacios Naturales Protegidos de España", al que asistió todo el alumnado de Bachillerato. En la mesa el ponente... realizó un recorrido por las diferentes figuras de protección en España, centrándose en Red Natura 2000, Parques nacionales y Parques naturales."

Que, tendo en conta o tempo necesario para a viaxe ata Bogotá, o Sr. Rogelio Fernández Díaz tivo que ausentarse do seu posto ao fronte da Subdirección Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade durante a grave vaga de lumes que assolaba Galicia nesas datas, mesmo cando o maior incendio do ano aínda queimaba, ou cando menos fumegaba, no Monte Pindo.

Que, tendo en conta a coincidencia no tempo co permiso por maternidade da actual Directora Xeral de Conservación da Natureza, a ausencia do Subdirector Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade pola viaxe a Bogotá deixou aos espazos naturais galegos "orfos" dos seus máximos responsables durante a grave vaga de lumes que os assolaban.

Polo tanto, ao abeiro da lexislación europea (Directiva 2003/4/CE), española (Lei 38/1995 e Lei 27/2006) e galega (Lei 1/1995) que regulan o dereito de acceso á información sobre o medio ambiente,

SOLICITA

1. Que vostede informe a SGHN sobre se a viaxe a Bogotá (Colombia) do Subdirector Xeral de Espazos Naturais e Biodiversidade se corresponde cun acto oficial da Consellería que vostede preside e, nese caso, informe sobre:
 - a. Cal foi o importe dos gastos abonados (dietas e desprazamento) e a que partida orzamentaria da Consellería se imputaron.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

- b. Cales son os motivos que xustificaron o lugar e o momento elexido para dita viaxe.
 - c. Cantos actos semellantes organizou durante o último ano a Consellería que vostede preside en centros educativos galegos para explicarlle aos estudantes galegos a rede de espazos naturais protexidos, así como en cantos deses actos participou o Subdirector Xeral de Espazos Naturais.
2. Que se a devandita viaxe non era un acto oficial nin organizado pola Consellería que vostede preside informe a SGHN sobre:
- a. Cales son os motivos para autorizar unha viaxe non oficial mentres sobranceiros espazos naturais galegos eran pasto do lume.
 - b. Os contratos coa empresa EOSA asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas dende que vostede a preside.

En Santiago de Compostela a 14 de outubro de 2013

Serafín González Prieto

Presidente SGHN